



TEM- PADA /2019

de outubro
a dezembro

outubro

06	2 de outubro	Música - John Mayall
07	3 de outubro	Música - Revólver
08	4 de outubro	Teatro - El Brujo
09	5 de outubro	Monólogos - Noites de Retranca
10	6 de outubro	Maxia - Toni Bright
11	10 de outubro	Monólogos - Miguel Lago
12	12 de outubro	Música / Danza - Tierra de Hombres
13	13 de outubro	Música - Rock en familia: Bon Jovi
14	17 de outubro	Música - Banda Municipal de Música da Coruña
15	18 de outubro	Música - César de Centi
16	23 de outubro	Música - Piotr Beczala
17	25-26 de outubro	Teatro - Fariña
18	27 de outubro	Música - SEMUA – BMMC / OSG
19	31 de outubro	Teatro - Don Juan Tenorio

novembro

21	2 de novembro	Música - Orquesta de Cámara Galega
22	3 de novembro	Música - Festa da Música Galega
23	7 de novembro	Música - Banda Municipal de Música da Coruña
24	8-9 de novembro	Monólogos - Goyo Jiménez
25	12 de novembro	Ópera - A Amnesia de Clío
26	16 de novembro	Teatro - Perfectos Desconocidos
27	20 de novembro	Música - Coro Cantabile
28	22 de novembro	Música - Coque Malla
29	23 de novembro	Música - Cantajuego
30	24 de novembro	Música - IV Gala final Quero Cantar

decembro

- 32** 5-6 de decembro Ópera - **O loro de Carlos V**
- 33** 7 de decembro Música - **Fanzine Fest nas táboas do Colón**
- 35** 8 de decembro Música - **Nelson Quinteiro & Brais González**
- 36** 13 de decembro Música - **Guadi Galego**
- 37** 15 de decembro Música - **Rock en familia: Metallica**
- 38** 18 de decembro Música - **Conservatorio Profesional de Danza**
- 39** 19 de decembro Música - **León Benavente**
- 40** 20 de decembro Música - **Orquesta GAOS**
- 41** 21 de decembro Música - **Los grandes del Gospel 2019: Mississippi Mass Choir**
- 42** 22 de decembro Música - **Gospel for kids**
- 43** 27 de decembro Música - **Coral polifónica El Eco**

OU-
TU-
BRO

SELECCIÓN
NOROESTE

2 de outubro. 21H.

JOHN MAYALL

85TH ANNIVERSARY TOUR



35€ platea e palcos centrais. 30€ principal.
25€ VR primeira fila principal.



Música

John Mayall: voz, teclados, guitarra, harmónica / Carolyn Wonderland: guitarras / Greg Rzab: baixo eléctrico / Jay Davenport: batería

John Mayall (Macclesfield, Cheshire, 21 de novembro de 1933), comezou desde moi novo a desenvolver a súa propia personalidade musical e converteuse, xunto a Alexis Korner, en precursor da invasión do blues británico. Amante do blues de Chicago, Mayall fundou o seu primeiro grupo en 1955, The Powerhouse Four, e posteriormente a súa banda máis coñecida, The Bluesbreakers, na que contou coa colaboración de guitarristas novos como Eric Clapton, Peter Green e Mick Taylor, entre outros.

John Mayall, mestre do blues e figura clave na música contemporánea publicou xa máis de 60 álbums, moitos dos cales supuxeron novos patróns dentro do rock blues e contaron con estupendas críticas e aceptación por parte do público, como Behind The Iron Curtain, Chicago Line ou Wake Up Call, Blues For the Lost Days e Padlock On The Blues.

ESPAAO DA
BIODIVERSIDADE



3 de outubro. 20:30H.

REVÓLVER

PRESENTACIÓN NOVO DISCO: BÁSICO IV



30€ platea. 28€ palcos centrais. 26€ principal.
24€ VR primeira fila principal.



Música

Revólver sae á estrada coa súa nova xira #Básico4, disco que gravou por sorpresa en Madrid nun Teatro Price cheo ata a bandeira e poñendo o broche de ouro á celebración das vodas de prata do Básico I, aquel disco inesquecible que marcou un antes e un despois na historia da música deste país, e que coa xira “#25 Años Básico Tour” colgou o cartel de “Non hai entradas” en cada cidade que pisou durante o 2018.

Sen dúbida, a mellor forma de coñecer o ADN de cada un dos temas que conforman a carreira de Revólver, así como os seus grandes éxitos de toda a vida, e ser protagonista do encontro cara a cara e sen intermediarios con Carlos Goñi e a súa banda.

EL BRUJO

TEATRO NO COLÓN



4 de outubro. 20:30H.

EL BRUJO

ESQUILO, NACIMIENTO Y MUERTE DE LA TRAGEDIA



20€ platea e palcos centrais. 12€ principal.
8€ VR primeira fila principal.



Teatro

“Este espectáculo é a mirada dun cómico español sobre a traxedia grega, un cómico que sobreviviu e sobrevive para facerlle rir constantemente ao seu público. A vida é a arte e a vida é clásica. O proceso de creación é o xogo mesmo da vida en marcha”

Rafael Álvarez El Brujo.

David Perdomo

Danny Boy-Rivera

Manquiña



ARREDOR DA LINGUA

5 de outubro. 20:30H.

NOITES DE RETRANCA

DAVID PERDOMO, DANNY BOY RIVERA E MANQUIÑA
+ LOS FABULOSOS WEEKEND



18€ platea e palcos. 16€ principal.
14€ VR primeira fila principal.



Monólogos

Voltan as Noites de retranca ao Teatro Colón e o fan xuntando por primeira vez nun mesmo escenario a Danny Boy Rivera, David Perdomo e Manquiña que vira acompañado da sua banda “Los fabulosos weekends”.

Dúas horas de humor, do noso humor e a maiores, música en directo para unha noite especial, unha noite...de retranca.

MAXIA EN FAMILIA

6 de outubro. 18:00H.

TONI BRIGHT

NO TE CREAS LA VERDAD



15€ platea e palcos centrais. 13€ principal.
11€ VR primeira fila principal.



Maxia

Toni Bright, un dos mellores e máis afamados magos da mente do noso país, tráenos o seu segundo espectáculo “No te creas la verdad”, un show abraiante, no que verás como un mentalista domina a psicoloxía, as habilidades sociais, a suxestión...

Pódese contactar cos espíritos? Pódese ler a mente das persoas? Pódese influír nas nosas decisións? Pódese utilizar a psicoloxía para saber cando alguén nos mente?

Non perdas o seu novo espectáculo... E lembra: “Non creas a verdade”. Show recomendado a partir de 5 anos.

ARREDOR DA LINGUA



10 de outubro. 20:30H.

MIGUEL LAGO

MIGUEL LAGO PONE ORDEN



16€ platea e palcos centrais. 14€ palcos laterais e principal.
12€ VR primeira fila principal.



Monólogos

Miguel Lago volveuno facer. Despois de varias tempadas de éxito con “Soy un miserable”, o cómico galego sobe ao escenario cun espectáculo completamente novo e inédito en televisión, “Miguel Lago pone orden”. Logo das súas soadas e aplaudidas aparicións en “El club de la comedia”, “Latemotiv by Buenafuente” ou no seu programa diario “Todo es mentira”, estrea un show que foi concibido como unha catarse, unha explosión de sinceridade co seu particular e sarcástico xeito de ver o mundo. Miguel preséntase disposto a “poñer orde dunha maldita vez” ante o caos que o rodea.

Se xa che pareceu un “fillo da puta” no seu momento, prepárate porque como o propio artista asegura “se non me denuncian por este monólogo, eu xa non sei que máis facer”. Átrévete a vir e partirte de risa?

PROGRAMACIÓN
DEPUTACIÓN
DA CORUÑA

con la participación de:

CORO INFANTIL E XUVENIL CANTABILE

ESCUELA DE DANZA DRUIDA

Presente LINO BRAXE

GALA XV ANIVERSARIO FUNDACIÓN TIERRA DE HOMBRES GALICIA

12 de octubre 2019 20:00 horas Teatro Colón A Coruña

12 de outubro. 20:00H.

GALA XV ANIVERSARIO

FUNDACIÓN TIERRA DE HOMBRES GALICIA



Convite con donativo



Música/ Danza

A Gala XV Aniversario Tierra de Hombres Galicia celébrase o día 12 de outubro no Teatro Colón ás 20h. Estará presentada por Lino Braxe e contará coa colaboración da Academia de Danza Druida e o Coro Infantil e Xuvenil Cantabile.

ROCK
EN
familia

Conciertos para
padres e hijos
presentan

EN FAMILIA



13 de outubro. 12:30H.

ROCK EN FAMILIA

DESCUBRIENDO A BON JOVI



12€ Prezo único.

Desconto 4x3 para familias.



Música

Unha oportunidade única para gozar en directo das mellores cancións de Bon Jovi. Vivir os primeiros concertos cos teus fillos, sobriños ou netos á vez que descubren as mellores bandas da historia do rock será unha experiencia que nunca esquecerán.

O volume da actuación será totalmente acorde aos oídos das/os máis pequenas/os.

ESPazo DA
BIODIVERSIDADE



17 de outubro. 20:00H.

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DA CORUÑA

DIRIXIDA POR JOSÉ LUIS REPESAS



De balde ata
completar o aforo



Música

A Banda Municipal de Música da Coruña, unha agrupación do pobo e para o pobo, que teñen as cadeiras dos seus concertos reservadas para toda a cidadanía.

ESTREA



18 de outubro. 20:30H.

CÉSAR DE CENTI

PRESENTACIÓN NOVO DISCO: BAILANDO EL INCENDIO



10€ venda anticipada

15€ venda en taquilla



Música

O cantautor coruñés César de Centi cumpre dezaioito anos nos escenarios e celébrao presentando o seu novo traballo “Bailando el Incendio”, para iso rodéase da súa banda: Batería (Óscar Quintans), baixo (Juan Aparicio), teclado (David Taboada) e guitarras (Diego Barral).O espectáculo contará con convidados de luxo que farán do concerto unha ocasión única para ver ao músico.

TEMPADA LÍRICA A
CORUÑA 2019



23 de outubro. 20:00H.

PIOTR BECZALA

EN CONCERTO



40€ platea central. 30€ platea lateral.
15€ principal



Música

Piotro Beczala, tenor / Sarah Tysman, piano

Cancións e arias de óperas de Puccini, Leoncavallo, Verdi, Bizet,
Massenet, Rimsky- Korsakov, Dvorak



ESTREA ABSOLUTA

Xosé A. Touriñán
Marcos Pereiro
María Vázquez
Sergio Zearreta
Cris Iglesias

FARIÑA

Dirixida por Tito Azoray

25 e 26 de outubro. 20:30H e 23:00H.

FARIÑA

BASEADO NA OBRA DE NACHO CARRETERO



22€ platea e palcos. 18€ principal.
14€ VR primeira fila principal.



Teatro

Reparto: Xose A. Touriñán, María Vázquez, Marcos Pereiro, Cris Iglesias y Sergio Zearreta

Todo cabe sobre un escenario no que se fai un percorrido fiel de este escuro capítulo de Galicia dende un punto de vista único.

DE FESTIVAIS

SEMUA

IV SEMANA DAS MÚSICAS DO AUDIOVISUAL

27 OUT / 1 NOV 2019

27 de outubro. 12:15H. CONCERTO EN FAMILIA
1 de novembro. 20:30H. AS NOSAS MÚSICAS

SEMUA

IV SEMANA DAS MÚSICAS NO AUDIOVISUAL



Concerto en Familia: de balde ata completar o aforo
As nosas músicas: 10€ prezo único



Música

Concerto en Familia: Concerto da **Banda Municipal de Música da Coruña** para público familiar no que se interpretarán bandas sonoras de películas acompañadas de proxección de imaxes.

As nosas músicas: Concerto da **Orquestra Sinfónica de Galicia** interpretando un programa de bandas sonoras do cine galego e español acompañadas con proxección de imaxes.



ESPECIAL NOITE
DE DIFUNTOS

DON JUAN TENORIO

31 de outubro. 20:30H.

DON JUAN TENORIO



10€ prezo único



Teatro

Dirección escénica: Javier F. Mariño
Dirección musical: Daniel García Artés

Don Juan Tenorio de José Zorrilla é un clásico.

O drama relixioso-fantástico sobre defuntos máis representado e versionado do teatro español deixa pouca marxe á reinvención, pero neste Don Juan, onde o audiovisual, a música coral e a interpretación se funden, dá como resultado unha montaxe fresca dentro do clasicismo e fai do Tenorio, como Clarín dixo: «Un Don Juan grande, dun xeito moi desigual e a pesar da súa desigualdade».

NO- VEM- BRO



PROGRAMACIÓN
DEPUTACIÓN
DA CORUÑA

2 de novembro. 20:30H.

**ORQUESTA DE
CÁMARA GALEGA**

AS RÚAS DO VENTO CEIBE



Estrea absoluta da cantata para coro e orquestra sobre textos de Manuel María e música de Rogelio Groba.

“As Rúas do Vento Ceibe” é un concerto onde se realizará a estrea absoluta da cantata para coro e orquestra composta polo mestre Groba, que está fundamentada nos sete poemas iniciais do libro homónimo de Manuel María. É unha obra chea de idealismo, que reflicte a idea dunha Galicia soñada, a súa paisaxe e sons e unha viaxe polos seus elementos máis simbólicos: o noso fogar, a nosa fala, a nosa bandeira e o noso escudo.



PROGRAMACIÓN
DEPUTACIÓN
DA CORUÑA

3 de novembro. 19:00H.

FESTA DA MÚSICA GALEGA

IRMANDADE DA MÚSICA GALEGA



De balde ata
completar o aforo



Música

Un grupo de músicos, cantantes, investigadores e colectivos que, convencidos da importancia identitaria da nosa música, traballan por difundila, poñela en valor e facela chegar ao público para o seu disfrute, constituíronse como Irmandade da Música Galega. Esta Irmandade organizou hai un ano, neste mesmo Teatro Colón, a primeira Festa da Nosa Música.

O éxito alcanzado naquela primeira edición, impulsou á Irmandade da Música Galega a darlle continuidade a este evento, presentando neste 2019, a segunda edición da Festa da Nosa Música.

Para esta ocasión teremos a colaboración do magnífico quinteto de vento Zoar, do barítono Pedro Martínez Tapia, das corais Cantabile, Sporting Club e Cántigas da Terra, así como da Unidad de Música de la Fuerza Logística Operativa, que nos farán pasar un inesquecible serán musical con máis repertorio galego.



ESPAZO DA
BIODIVERSIDADE

7 de novembro. 20:00H.

BANDA MUNICIPAL

DIRIXIDA POR JAVIER BASCOY



De balde ata
completar o aforo



Música

Banda Municipal A Banda Municipal de Música de A Coruña, unha agrupación do pobo e para o pobo, que teñen as cadeiras dos seus concertos reservadas para toda a cidadanía.



ARREDOR DA LINGUA

8 de novembro. 21:00H.
9 de novembro. 19:30H.

GOYO JIMÉNEZ

AIGUANTULIVINAMÉRICA 2



22€ platea. 20€ palcos. 18€ principal.
16€ VR primeira fila principal.



Monólogos

O monologuista Goyo Jiménez chega a Galicia en novembro para representar a segunda parte do seu espectáculo "Aiguntulivinamérica", 15 anos despois da súa estrea exitosa. Unha nova oportunidade para desfrutar da súa cómica comparación das/os españois e americanas/os que non podes perder.

"Goyo, cando vas facer máis monólogos de americanos, cando vas facer máis monólogos de americanos...?" Pois, queridas e queridos, o momento que todos estabamos agardando xa está aquí. Quince anos despois da estrea do espectáculo Aiguntulivinamérica, chega a segunda entrega da saga de monólogos máis celebrada... Aiguntulivingamérica 2. Si, damas e cabaleiros: volven as comparacións entre o fabuloso modo de vida estadounidense e o, digámolo así, menos glamuroso dos españois. Volven Mike, Joe, Susan, o pequeno Timmy e unha morea de novas personaxes, metidas de cheo en situacións absurdas que a todos nos soan e nos fascinan. Volve o surrealismo, o disparate, a complicidade e o enxeño, mesturados a partes iguais. Pero, sobre todo, volve o único e inimitable experto en asuntos americanos, Goyo Jiménez.



ESTREA

12 de novembro. 20:30H.

A AMNESIA DE CLÍO

PRIMERIA ÓPERA GALEGA GRAN FORMATO



30€ platea e palcos. 25€ principal.
23€ primeira fila VR



Ópera

Paul Daniel, director / Pablo Devigo, director asistente / Raquel Lojendio, soprano / Sebastião Peris, barítono / Orfeón Terra A Nosa (Miro Moreira, director) / Marta Pazos, dirección escénica / Fernando Epelde, texto / Fernando Buide, música.

*Proxecto realizado coa Beca Leonardo a Investigadores e Creadores Culturais 2017 da Fundación BBVA.

Unha produción de Voadora en coproducción col Consorcio de Santiago-Real Filharmonía de Galicia, Centro Dramático Galego e Amigos de la Ópera de Santiago; en colaboración co Orfeón Terra A Nosa; co apoio da Deputación da Coruña, Concello de Santiago e Concello da Coruña.

TEATRO NO COLÓN

PERFECTOS DESCONOCIDOS



16 de novembro. 20:30H.

PERFECTOS DESCONOCIDOS

DIRIXIDO POR DANIEL GUZMÁN



18€ platea e palcos centrais. 14€ palcos laterais.

11€ principal. 8€ VR primeira fila.



Teatro

Reparto: Inge Martin / Fernando Soto / Antonio Pagudo / Olivia Molina / Elena Ballesteros / Jaime Zatarain / Ismael Fritschi

Un grupo de amigos de toda a vida queda para cear, alguén ten algo que contar... Un deles propón un xogo: compartir as mensaxes e chamadas dos seus móbiles durante a cea. Alguén ten algo que ocultar? Xogamos?

PROGRAMACIÓN
DEPUTACIÓN
DA CORUÑA



20 de novembro. 20:30H.

CORO CANTABILE



De balde
con convite



Música

O Coro Cantabile estrea un ambicioso proxecto que reúne doce poetas e seis compositores e compositoras na creación dun repertorio coral inédito, contemporáneo e en lingua galega.

SELECCIÓN
NOROESTE

ION
TOUR

22 de novembro. 20:30H.

COQUE MALLA

¿REVOLUCIÓN TOUR?



30€ platea e palcos. 25€ principal.
23€ VR primeira fila.



Música

Coque Malla abandona o retiro temporal ao que se autosometeu tras a xira “Irrepetible”, para volver á estrada con “Revolución Tour?”, a súa nova xira. Despois de celebrar o Goya á Mellor Canción Orixinal en febreiro, Coque Malla céntrase na composición de “¿Revolución?”, o último e agardado disco, que se publicará en outubro de 2019. É un músico en reinención constante, a súa única constante é o cambio, o anhelado de superar novos límites para a súa música. Con “¿Revolución?” a súa faceta rupturista está máis presente que nunca. Este disco sorprendeu desde o minuto un: un vídeo en forma de pregunta “¿revolución?” e a potente imaxe que o acompaña, obra do artista visual Manomatic, en que o rostro do artista se combina con figuras cargadas de simbolismo poético que cobran vida nas súas letras. Coque Malla implica o seu público, lanza unha reflexión. Non está chamando ás filas de ningún levantamento, pregúntase e pregúntanos: “é posible unha revolución?”. “Eu, a verdade, non son moi optimista ao respecto...”, afirma Coque. Esperemos a descubriremos todos os matices dun espectáculo novo, ambicioso e coidado, onde Coque repite con esa gran banda que xa é a súa. Chega aos escenarios a “¿Revolución?”.

EN FAMILIA

23 de novembro. 16:30H. e 19:00H.

CANTAJUEGO

SUPERÉXITOS



18€ platea e palcos. 16€ principal.
14€ primeira fila VR



Música

Cantajuego cumpre 15 anos e celébralo ao grande cun novo produto e mais cunha xira que despreza o mellor do seu extenso repertorio. “SuperÉxitos”, ao igual que o novo traballo “libro+ dvd+ cd” é un espectáculo onde o grupo EnCanto reafirma os valores do seu proxecto: a colaboración, o traballo en equipo, a empatía pero, sobre todo, a importancia do respecto polos demais, que seguen sendo os temas centrais dun show para toda a familia, por suposto, utilizando a música e o movemento como ferramentas para a estimulación e o entretemento.

Acompáñano nesta aventura os “infaltables” Coco, Pepe e Buby, ademais dos múltiples personaxes que lle achegan cor e calidez ao show, para facer as delicias de pequenos e maiores.

A proposta: cantar, bailar e desfrutar en familia dunha viaxe a través dos hits que xa son parte do cancionero inesquecible, que é o legado dos “Cantajuegos”.

PROGRAMACIÓN
DEPUTACIÓN
DA CORUÑA



24 de novembro. 17:30H.

IV GALA FINAL DO CERTAME QUERO CANTAR

COA ACTUACIÓN DE MAGÍN BLANCO



De balde
con convite



Música

Participan tres bandas infantís (até 12 anos) e 3 xuvenís (de 13 a 16 anos), que interpretan cadansúa canción, seleccionada na fase previa do certame. Un xurado composto por nenas e nenos decidirá, tras as actuacións, as cancións gañadoras en cada categoría desta cuarta edición.

Magín Blanco e a súa Banda das Apertas serán nesta ocasión os convidados que se encarguen de pecharen a gala.

DE- CEM- BRO

ESTREA ABSOLUTA

O LORO DE CARLOS



5 e 6 de decembro. 20:30H.

O LORO DE CARLOS V

ÓPERA BUFFA PARA TODOS OS PÚBLICOS



25€ platea. 23€ palcos. 21€ principal.
19€ primeira fila VR



Ópera

Unha divertida proposta para mergullarse no mundo da ópera da man de Nani García e a Orquestra Sinfónica de Galicia apta para todos os públicos.

DE FESTIVAIS

FANZINE FEST 2019

7 de decembro. 12:00H.

FANZINE FEST NAS TÁBOAS DO COLÓN

DORIAN CONCEPT E GALGO



10€ venda anticipada. 15€ venda en taquilla
Aforo limitado 100 pax



Música

Experiencia única en la que se invita al público a subir al escenario para que pueda disfrutar de las dos actuaciones propuestas de una forma diferente a la habitual y a su vez del teatro en sí mismo. Esta iniciativa es parte del programa de Fanzine Fest 2019, los artistas invitados:



DORIAN CONCEPT (AT) Teclista y productor autodidacta interesado en explorar el interfaz entre la música analógica y digital, composición, actuación musical e improvisación. Sus intereses musicales y composiciones van desde la electrónica experimental al hip-hop, el funk y el jazz.



GALGO (ES) Dúo formado por el multi-instrumentista Javier Bejarano y la pianista Verónica R. Galán, que suelen describir su música como “bandas sonoras para películas que aún no existen”. En su repertorio cohabitan de una manera natural el ambient y las melodías orgánicas con áridas y angostas texturas.



8 de decembro. 20:30H.

NELSON QUINTEIRO & BRAIS GONZÁLEZ

PRESENTACIÓN NOVO DISCO: MÚSICAS DE DOMINGO



14€ palcos centrais. 10€ palcos laterais. 8€ principal.
6€ VR primeira fila.



Música

Presentación oficial e posta de longo do novo disco “Músicas de domingo” de Nelson Quinteiro (voz) e Brais González (piano) nunha posta en escena con moito de escénico e a participación de amigos como Blas Castañer (percusión sinfónica), David Álvarez Caneda (acordeón) ou Alba F. Troiteiro (pintura ao vivo) nun concerto que se converterá nunha gran festa coa participación de case un cento de gorxas dos Colectivos Máis Cantos de Marín, Poio e Pontevedra.

Música galega en maiúsculas, vestida de domingo e na que a sensibilidade e o talento de Brais González enlázase coa personalidade de Quinteiro para dar como resultado melodías directas, rítmicas, vibrantes nun concerto moi participativo e emocionante que te deixa cun sorriso nos beizos. Un constante xogo de latitudes que fai das pezas de tradición galega algo tremendamente universal. Descúbreo!

ESPAZO
BIODIVERSIDADE

13 de decembro. 20:30H.

GUADI GALEGO

PRESENTACIÓN NOVO DISCO: IMMERSIÓN



14€ platea e palcos centrais. 10€ palcos laterais. 8€ principal. 6€ VR primeira fila.



Música

Immersión, a nova entrega discográfica de Guadi Galego verá a luz en outubro

Immersión é unha reconstitución de si mesma. Unha revisión en varias linguas afíns a Guadi, por territorio cultura e emoción. Unha reinterpretación da súa propia música.

Son once temas xa editados non seus últimos traballos e un tema inédito que soa agora en mundos musicais distintos.

A immersión prodúcese nun universo íntimo, minimalista e arriscado. O disco afástase dos moldes e ábrese a un mundo plural e ecléctico.

No Teatro Colón presentarase en directo coa colaboración das Sisters In The House.

ROCK
EN familia

Conciertos para
padres e hijos

EN FAMILIA



15 de decembro. 12:30H.

ROCK EN FAMILIA

DESCUBRINDO A METALLICA



12€ Prezo único.
Desconto 4x3 para familias.



Música

Unha oportunidade única para gozar en directo das mellores cancións de Metallica a través da mellor banda tributo.

Vivir os primeiros concertos cos teus fillos e coas túas fillas, sobriñas/os ou netas/os á vez que descubren as mellores bandas da historia do rock será unha experiencia que nunca esquecerán.

O volume da actuación será totalmente acorde aos oídos das e dos máis pequenos.

PROGRAMACIÓN
DEPUTACIÓN
DA CORUÑA

18 de decembro. 20:30H.

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA

A GRAMOLA



De balde
con convite



Danza

O son da “gramola” permítenos revivir outras épocas escoitando melodías coma un valse, unha polka ou unha mazurka, así coma un blues ou tamén rock and roll.

O conxunto de cancións seleccionadas para este espectáculo é unha mestura de estilos que xunto coas distintas coreografías crean un clima atemporal que nos fan vivir momentos de felicidade ou de rexeitamento, podemos sentirnos estraños na noite ou bailar debaixo da choiva, pero sempre teremos a certeza de que amamos París.

SELECCIÓN
NOROESTE

LEÓN BENAVENTE

19 de decembro. 20:30H.

LEÓN BENAVENTE

PRESENTACIÓN DO NOVO DISCO: “VAMOS A VOLVERNOS LOCOS”



20€ venda anticipada.
25€ venda en taquilla.



Música

León Benavente é un grupo español de indie rock formado en 2012 e xurdido da reunión de catro veteranos músicos: Abraham Boba, Eduardo Baos, Luis Rodríguez e César Verdú. Cos seus dous anteriores discos consolidáronse como banda imprescindible do panorama nacional, e destaca sobre todo o seu directo, un dos mellores da escena.

O próximo 13 de setembro lanzan ‘Vamos a volvernlos locos’, do que xa se pode escoitar o primeiro adianto, ‘Como la piedra que flota’ na que cantan coa colaboración de María Arnal.

NADAL NO COLÓN



20 de decembro. 20:30H.

ORQUESTRA GAOS

CONCERTO DE NADAL



14€ platea e palcos centrais.
10€ palcos laterais. 8€ principal.



Música

A Orquestra GAOS presenta o seu particular agasallo navideño cun concerto arredor dos Musicais que non deixará indiferente a ninguén.

NADAL NO COLÓN



21 de decembro. 20:30H.

LOS GRANDES DEL GOSPEL 2019: MISSISSIPPI MASS CHOIR

THE GOLDEN YEARS OF GOSPEL



30€ platea e palcos. 20€ principal.
18€ VR primeira fila principal.



Música

The Mississippi Mass Choir gañou numerosos premios polas súas contribucións á música Gospel e realizou múltiples xiras por Estados Unidos, Europa, Xapón e América Latina. En decembro de 2019 volve un clásico do Nadal europeo, unha coral de gospel que as persoas afeccionadas teñen marcada con lapis vermello no calendario de citas obrigadas. Showtime, señoras e señores, Mississippi Mass Choir.

NADAL NO COLÓN



22 de decembro. 12:00H.

GOSPEL FOR KIDS

MISSISSIPPI MASS CHOIR



15€ platea e palcos. 12€ principal.
10€ VR primeira fila principal.



Música

Mississippi Mass Choir presenta “Gospel for Kids” por primeira vez en Galicia! Gospel for Kids, un espectáculo de 55´de duración protagonizado por Mississippi Mass Choir. Un concerto de Nadal onde a naturalidade, a participación e a espontaneidade son benvidas.

Gospel for Kids, especialmente para os máis pequenos e as súas familias.

NADAL NO COLÓN



27 de decembro. 20:00H.

CORAL POLIFÓNICA EL ECO

CONCERTO 138º ANIVERSARIO



De balde ata
completar aforo



Música

Concerto anual da Coral decana das corais españolas en activo con motivo do seu 138º aniversario. Neste caso preséntase coa Banda de Salcedo dirixidos por Marcel van Bree. O programa estará presidido pola Missa Brevis de Jacob de Haan e contará ademais con música navideña.

VENDA DE ENTRADAS

DESPACHO CENTRAL DE BILLETES DA PRAZA DE OURENSE:

de luns a venres (agás festivos) de 9.30 a 13.00 h e de 16.30 a 19.30 h

DESPACHO DE BILLETES DO TEATRO COLÓN:

Aberto só os días de función desde unha hora antes (só se quedan entradas dispoñíbles)

TELEVENDA:

902 044 226 (luns a venres de 9 a 22 h; sábados de 14 a 22 e domingos de 16 a 21 h)

Ticketea: www.ticketea.com

DESCONTOS:

20% carnet xove, maiores de 65 anos e desempregados, 25% familias numerosas.

*Agás os espectáculos Rock en Familia.

PARA OS ESPECTÁCULOS DE BALDE CON CONVITE:

Os convites repartiranse no despacho de billetes do Teatro Colón os días das funcións desde 1 h antes a condición de que queden dispoñíbles.

www.teatrocolon.es

